



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Reunión Formación Continua

No día de hoxe os responsables de RRHH fixéronnos entrega da súa proposta de formación continua para o 2010. Como non podía ser doutro xeito, entregan este borrador no momento de comezar a reunión, obviamente sen dar tempo a que poidamos estudalo debidamente e facer chegar as nosas propostas de mellora cun tempo razoable. Tampouco facilitaron os datos da execución do Plan de Formación Continua do 2009, co cal non podemos saber os cursos que se fixeron, os que quedaron por facer...etc, etc. Se a iso engadimos a "presión" engadida de que ten que estar todo presentado no MAP antes do 1 de febreiro chegamos a conclusión de que a Formación dos traballadores non é tema prioritario para a AEAT: unha pena cando se podía organizar todo moito mellor se houbera un pouco de interés polos responsables desta casa.

No día de hoxe, e todo máis tardar o luns, faremos chegar, por escrito, as nosas propostas aos responsables pertinentes coa esperanza de que se mellore as posibilidades de formación dos traballadores. Facédenos chegar as vosas suxestións para incluílas na nosas peticións, a ver se entre todos conseguimos o Plan de Formación que merece o persoal da AEAT.

Achegamos, coa nota informativa, a proposta que nos facilitou a AEAT no día de hoxe.

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

**WWW.CIGAEAT.COM**